



BOP

LUNS, 11 DE ABRIL DE 2022

N.º 083

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

José Antonio Fra Míguez solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.76618.

As obras solicitadas consisten na construción dun alpendre, soleira de formigón e explanación de parcela, sito no predio con referencia catastral 27025A052001520001KL, na zona de policía da marxe dereita dun rego innominado e do rego de Rigueiro; no lugar da Ponte do Carro, na parroquia da Rigueira (San Miguel), no concello de Xove (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Xove ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 4 de abril de 2022.- o xefe do Servizo Territorial de Lugo (P.S. Resol. Dirección Augas de Galicia 18/08/2021)
- O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte - Néstor Rodríguez Arias.

R. 0799

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Antas de Ulla, en data 4 de abril de 2022, se adoptou Resolución que di: Delegar na concelleira D^a. Digna Gontá Castiñeira a celebración do matrimonio civil entre D^a. Marta Gontá Cordeiro, titular de DNI número 3355****, e D. Luís Miguel Martínez Louzao, titular de DNI número 3355****, a celebrar o día 22 de abril de 2022. Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro

Antas de Ulla, 5 de abril de 2022.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 0800

BECERREÁ

Anuncio

Dacordo co disposto no art. 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o artigo 177 do mesmo texto, e no artigo 20.1 en relación co 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, ponse en coñecemento que na Secretaría-Intervención deste Concello atópase exposto ó público o expediente número 375/2022 de modificación orzamentaria: suplemento de crédito/crédito extraordinario.

Os interesados lexítimos segundo o disposto polo art. 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polos motivos fixados no número dous do mesmo, poderán presentar reclamacións conforme ós seguintes trámites:

- a) Prazo de exposición e admisión de reclamacións: 15 días hábiles a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- b) Oficina de presentación: Rexistro Xeral.
- c) Órgano ante o que se reclama: Pleno do Concello de Becerreá.

Becerreá, 5 de abril de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0801

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Becerreá, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2022, aprobou definitivamente o Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Becerreá, confeccionado pola empresa SEAGA, ao abeiro do convenio ao que este Concello está adherido, suscrito pola colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Aos efectos de publicalo na súa integridade, anúnciase que este figura exposto na páxina web do Concello de Becerreá: www.concellobecerrea.es

O que se fai público para o xeral coñecemento en cumprimento do artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Becerreá, 5 de abril de 2022.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0802

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 334/2022 E 335/2022. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XANEIRO 2022.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 23 de marzo de 2022 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 7.987,26 €, correspondendo 1.099,20 € a libre concorrencia e 6.888,06 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 1 de abril de 2022.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0803

LOURENZÁ*Anuncio***CONVOCATORIA DO POSTO DE XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO.**

De conformidade coas instrucións da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia trala reunión de 18 de marzo do 2022,

Atopándose próximo ó seu vencemento o período de catro anos polo que se nomeou ó Xuíz de Paz substituto, polo presente anuncio procédese á apertura de prazo para a presentación de solicitudes para Xuíz de Paz substituto de Lourenzá.

As persoas que reúnan as condicións establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial de 1 de xullo de 1.985 poden presentar solicitude para a provisión do posto de Xuíz de Paz substituto.

A solicitude será facilitada nas Oficinas Municipais debéndose unir á mesma, a documentación seguinte:

- a).- Fotocopia do D.N.I.
- b).- Certificación de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.
- c).- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria na que se faga referencia ó artº 2.1. da Ley 68/80 referida a non atoparse inculcado ou procesado.
- d).- Declaración xurada suscrita polo interesado de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio das funcións propias do cargo.

A solicitude e a documentación mencionada presentarase nas Oficinas Municipais no prazo dun mes contado dende o seguinte o da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Lourenzá, 5 de abril de 2022.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 0804

*Anuncio***Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 1º trimestre de 2022, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de xullo de 2022, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 5 de abril do 2022.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 0805

LUGO

Anuncio

Por medio do presente faise público o decreto da alcaldía núm. 3756/2022, do día 1 de abril de 2022, que establece:

“Ilma. Sra. Dona María Cristina López Fernández, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.

Visto o informe proposta da Xefa de Sección de Participación Cidadá/Mercados, de data 1 de abril do presente ano, na que se fai constar:

“Asunto: Calendario de aperturas en horarios especiais da Praza de Abastos e Mercados municipais do ano 2022

Sendo necesario determinar as datas para a apertura da Praza de Abastos e Mercados municipais cando se produza a coincidencia dos seus horarios con festivos locais, datas de especial entidade e datas non laborables durante o ano 2022, e para a formulación da oportuna proposta, cómpre considerar:

ANTECEDENTES DE FEITO

O decreto número 10576/2021 do 2 de decembro, dispón no seu parágrafo segundo a obriga de elaborar un calendario de aperturas da Praza de Abastos e mercado municipal para o ano 2022 que deberá ser publicado a fin de que por parte da cidadanía se coñeza con anterioridade as datas de apertura destes establecementos comerciais cando exista coincidencia en festivos ou incluso en datas de especial entidade ao longo do ano, a fin de poder planificar as súas compras.

Igual consideración deben ter os mercados municipais menores, que se desenvolven periódica e normativamente, tales como o Mercadiño de Frigsa e o Mercado Tradicional, que tamén se ven afectados pola coincidencia en festivos cos días estipulados para a súa celebración, sendo necesario igualmente establecer con anterioridade os posibles traslados para outras datas límites.

Decreto 97/2021, de 10 de xuño da Consellería de Emprego e Igualdade, polo que se determinan as festas da CCAA de Galicia para o ano 2022, así como a súa Resolución do 10 de novembro de 2021, pola que se da publicidade ás festas de carácter local no territorio da Comunidade Autónoma.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

A Ordenanza reguladora de Prazas e Mercados do Concello de Lugo determina, no seu artigo 8 os horarios xerais de apertura do recinto e as datas de celebración dos mercados locais, establecendo que poden ser modificados a través da oportuna resolución da Alcaldía.

Asimesmo, na súa Disposición adicional terceira faculta á Alcaldía para a adopción das medidas procedentes para a execución e desenvolvemento da propia ordenanza.

Á vista dos antecedentes expostos e tendo en conta os fundamentos xurídicos de aplicación, a asinante, Xefa do Servizo de Participación e Atención cidadá, proponlle á Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza que en virtude das competencias atribuídas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, delegadas polo decreto 2973/2021, do 16 de abril, adopte a seguinte Resolución:

Primeiro: A Praza de Abastos, mercado municipal e mercados Locais, permanecerán pechados e sen actividade comercial durante os días establecidos no Calendario laboral da CCAA de Galicia para 2022 e festivos locais, salvo as excepcións contidas no parágrafo segundo.

Segundo: Cando os días de celebración dos mercados locais: Mercadiño de Frigsa e Mercado Tradicional, sexan recollidos como non laborables no calendario laboral da CCAA de Galicia para 2022, a celebración dos mercados trasladarase para o día anterior, segundo a continuación se indica:

Día non laborable	Praza de Abastos e Mercado municipal	Mercadiño Frigsa	Mercado Tradicional
1 de enero	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
6 de enero	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
14 de abril	Aberto	Aberto	aberto
15 de abril	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
17 de mayo	Sen actividade	Trasládase para o día 16 de maio	Trasládase para o día 16 de maio
24 junio	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
25 julio	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
15 agosto	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
5 de outubro	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
12 de outubro	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
1 de novembro	Sen actividade	Trasládase para o día 31 de outubro	Trasládase para o día 31 de outubro
6 de diciembre	Sen actividade	Trasládase para o día 5 de decembro	Trasládase para o día 5 de decembro
8 de diciembre	Sen actividade	sen actividade	sen actividade

Polo tanto o Mercado tradicional e Mercadiño de Frigsa terán no ano 2022 as seguintes xornadas especiais:

O **día 16 de maio** en compensación do día 17 de maio

O **día 31 de outubro** en compensación do día 1 de novembro

O **día 5 de decembro** en compensación do día 6 de decembro

Asimesmo, a Praza de Abastos e Mercado municipal permanecerán abertos e con actividade comercial:

O **día 14 de abril**

Terceiro: Procédase á publicación do presente decreto no Taboleiro de edictos municipal, Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro da Praza de abastos e déaselle traslado aos Vixiantes da Praza de Abastos.

Cuarto: A presente resolución pon fin á vía administrativa podendo interpoñer os seguinte recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da xurisdición de Lugo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto, o cal pon fin á vía administrativa (Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante o mesmo órgano que dictou o acto o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015)."

No uso das atribucións conferidas á Alcaldesa no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e en virtude de delegación da Alcaldía nos tenentes de Alcalde delegados de Área, segundo o seu Decreto número número 2973/2021, do 16 de abril de 2021

RESOLVO:

Primeiro: A Praza de Abastos, mercado municipal e mercados Locais, permanecerán pechados e sen actividade comercial durante os días establecidos no Calendario laboral da CCAA de Galicia para 2022 e festivos locais, salvo as excepcións contidas no parágrafo segundo.

Segundo: Cando os días de celebración dos mercados locais: Mercadiño de Frigsa e Mercado Tradicional, sexan recollidos como non laborables no calendario laboral da CCAA de Galicia para 2022, a celebración dos mercados trasladarase para o día anterior, segundo a continuación se indica:

Día non laborable	Praza de Abastos e Mercado municipal	Mercadiño Frigsa	Mercado Tradicional
1 de enero	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
6 de enero	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
14 de abril	Aberto	Aberto	aberto
15 de abril	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
17 de mayo	Sen actividade	Trasládase para o día 16 de maio	Trasládase para o día 16 de maio
24 junio	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
25 julio	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
15 agosto	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
5 de outubro	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
12 de octubre	Sen actividade	sen actividade	sen actividade
1 de noviembre	Sen actividade	Trasládase para o día 31 de outubro	Trasládase para o día 31 de outubro
6 de diciembre	Sen actividade	Trasládase para o día 5 de decembro	Trasládase para o día 5 de decembro
8 de diciembre	Sen actividade	sen actividade	sen actividade

Polo tanto o Mercado tradicional e Mercadiño de Frigsa terán no ano 2022 as seguintes xornadas especiais:

O **día 16 de maio** en compensación do día 17 de maio

O **día 31 de outubro** en compensación do día 1 de novembro

O **día 5 de decembro** en compensación do día 6 de decembro

Asimesmo, a Praza de Abastos e Mercado municipal permanecerán abertos e con actividade comercial:

O **día 14 de abril**

Terceiro: Procédase á publicación do presente decreto no Taboleiro de edictos municipal, Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro da Praza de abastos e déaselle traslado aos Vixiantes da Praza de Abastos.

Cuarto: Esta resolución pon fin a vía administrativa, facéndose constar asimesmo, no parágrafo cuarto do devandito informe proposta a vía de recursos que proceden, o cal se especifica na parte dispositiva desta resolución.

Cúmprase. “

O que se fai público para xeral coñecemento.

Lugo, 4 de abril de 2022.- A Tenenta de Alcaldesa, M^a Cristina López Fernández.

*Anuncio***DECRETO Nº 3478/2022 do 28/03/2022**

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

- Visto acordo 9/286 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 1 de xullo de 2020, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020.

- Visto acordo da Mesa Xeral de Negociación do día 14 de xaneiro de 2021 de proposta de aprobación das bases para acceso ás prazas de promoción interna.

- Visto acordo 12/281 Xunta De Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 12-5-2021 de APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE DIRECTOR/A GARDERÍA MUNICIPAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020).-

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de DIRECTOR/A GARDERÍA MUNICIPAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 12 de maio de 2021, que seguidamente se transcriben:

“1º.- **OBJECTO.-** É obxecto destas bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionaria/o de carreira, a UNHA praza de DIRECTOR/A GARDERÍA MUNICIPAL, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES AO CADRO DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018.

As ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 256, do 7 de novembro de 2014 e núm. 39, do 15 de febreiro de 2019.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: DIRECTOR/A GARDERÍA MUNICIPAL

b) Grupo de titulación: A (subgrupo A2)

c) Outras características:

- Escala: Administración especial

- Subescala: técnica

- Clase: media.

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

a) Título de Diplomado en Educación Infantil ou Título universitario de grao equivalente.

b) Ser empregada/o público do Concello de Lugo con praza en propiedade, da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica pertencente ao grupo inmediatamente inferior, e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo dende o que se promove, entendéndose o de acceso á praza no grupo de orixe (C1).

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo e as e os aspirantes manifestarán nelas, de xeito expreso, que reúnen todas e cada unha das condicións de admisión previstas nestas bases específicas e nas xerais aprobadas pola Xunta de Goberno nas sesións do 2 de xuño de 2010, 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018 para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarias/os do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

As interesadas e interesados en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles contados, dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, na solicitude de admisión ao concurso-oposición deberán alegar os méritos que posúan de entre os especificados na base décimo terceira das bases xerais anteriormente citadas de acordo coa modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2010, e acompañar á dita solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, sen que proceda a concesión de prazos ás persoas solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

6º.- FASE DE CONCURSO. Consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polo persoal aspirante no momento de presentación das instancias. Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais aludidas na base anterior.

7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar as e os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 100 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de 120 minutos (2 horas), un ou varios supostos prácticos que formulará e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias das e dos titulares destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá, ou poderá, ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O tribunal cualificador, se o estimara oportuno, poderá acordar que as e os aspirantes dean lectura en acto público aos exercicios escritos.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 4 ou equivalentemente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- Os contratos do sector público. Tipos de contratos do sector público. Contratos administrativos e privados.

Tema 2.- Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías. Preparación dos contratos: especial incidencia nos pregos de prescricións técnicas.

Tema 3.- Criterios de adxudicación dos contratos. Execución, modificación, suspensión e extinción dos contratos, con especial incidencia na figura do responsable do contrato.

Tema 4.- O dereito á educación na Constitución. Lexislación educativa. O sistema educativo español. Distribución de competencias en materia de Educación. Referencias á Educación Infantil. Competencias municipais en materia de educación.

Tema 5.- Os contidos educativos do primeiro ciclo da Educación Infantil e requisitos básicos que deben cumprir os centros que o imparten na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 6.- A Escola Infantil. Principios e obxectivos. Organización e funcionamento. Función educativa e social.

Tema 7.- Financiamento das Escolas Infantís Municipais en Galicia.

Tema 8.- A atención á infancia ao longo da historia. Organismos internacionais relacionados coa atención á infancia. A convención dos dereitos do neno. Os Servizos de atención á familia e a infancia en Galicia.

Tema 9.- Lexislación estatal en materia de protección da infancia. Lexislación autonómica. A Escola Infantil na prevención e intervención ante situacións de desprotección infantil.

Tema 10.- Malos tratos infantís. Tipoloxía dos malos tratos na infancia. Niveis de gravidade e indicadores físicos, conductuales e emocionais nos malos tratos físicos e na negligencia. O papel da Escola Infantil ante a detección de situacións de malos tratos infantís.

Tema 11.- Características xerais do neno e a nena ata os 3 anos. Principais factores que interveñen no seu desenvolvemento. Etapas e momentos máis significativos. Principios de intervención educativa e metodoloxía básica na etapa educativa 0-3 anos.

Tema 12.- Atención á diversidade. A educación inclusiva. Necesidades educativas especiais. A Atención Temperá. Principios de intervención educativa. Medidas de atención especializada.

Tema 13.- Desenvolvemento biolóxico dos nenos e nenas ata os 3 anos. Cambios somáticos e parámetros evolutivos básicos. Factores endóxenos e exóxenos que interveñen no desenvolvemento biolóxico. Intervención educativa ante as necesidades biolóxicas.

Tema 14.- Desenvolvemento psicomotor nos nenos e nenas ata os 3 anos. A psicomotricidade no currículo da educación infantil. A sensación e percepción como fonte de coñecementos. A organización sensorial e perceptiva. Trastornos motrices. A acción e a interacción como fonte de crecemento. A intervención educativa.

Tema 15.- O desenvolvemento da personalidade. O desenvolvemento afectivo nos nenos e nenas de 0 a 3 anos. Achegas de distintos autores. A xestión das emocións na Educación infantil. A conquista da autonomía e o desenvolvemento da identidade propia. Directrices para unha correcta intervención educativa.

Tema 16.- O proceso de socialización nos nenos e nenas de 0 a 3 anos. Proceso de descubrimento, de vinculación e aceptación. A Escola Infantil como institución educativa e socializadora. Principais conflitos da vida no grupo-aula.

Tema 17.- Principais correntes pedagóxicas e psicolóxicas en educación infantil. Teoría do desenvolvemento cognitivo de Piaget. Teoría do constructivismo sociocultural de Vygotsky. Aprendizaxe significativa de Ausubel. Aprendizaxe por descubrimento de Brunner. Modelo educativo reggiano de Malaguzzi. Método Montessori. Pedagogía Waldorf. Os modelos globalizados.

Tema 18.- A familia como axente de socialización. Función educativa da familia na historia. Expectativas familiares respecto á educación infantil. Relacións entre a familia e a escola infantil. Asociacións de nais e pais. As escolas de pais e nais. Estratexias para a participación, información e formación das familias no Centro.

Tema 19.- O período de adaptación á Escola Infantil. Planificación e criterios organizativos, actividades de información e orientacións previas. Documentación e recursos materiais. Acolida das novas familias.

Tema 20.- Atención na Escola Infantil a aspectos importantes para a vida do neno: comida, sono, control de esfínteres. Trastornos e a súa abordaxe. A agresividade. Intervención educativa.

Tema 21.- Hábitos de autonomía persoal relacionados con actividades da vida cotiá, a alimentación, o sono, a hixiene e o vestido. A importancia das rutinas. A conquista da autonomía por medio das principais rutinas.

Tema 22.- Educación para a saúde. Actitudes e hábitos referidos ao descanso, hixiene e actividade infantil. Necesidades e ritmos de sono. Trastornos de sono nun neno de 0-3 anos e coidados que require. Prevención de accidentes, primeiros auxilios e principais enfermidades infantís. Criterios para a intervención educativa.

Tema 23.- Alimentación, nutrición e dietética. Necesidades nutricionais na etapa de 0 a 3 anos. Alimentación equilibrada e planificación de menús. Trastornos infantís relacionados coa alimentación. A súa abordaxe. Seguridade e hixiene. Manipulación dos alimentos. As horas para comer como momentos educativos.

Tema 24.- A educación sexual na etapa infantil. Descubrimento e identificación co propio sexo. A construción dos roles masculino e feminino.

Tema 25.- Desenvolvemento lingüístico nos nenos e nenas de 0 a 3 anos. Linguaxe e pensamento. Evolución da comprensión e da expresión. Comunicación non verbal. O ensino e a aprendizaxe da lingua na educación infantil. Bilingüismo. Problemas da linguaxe máis frecuentes. A intervención educativa.

Tema 26.- A literatura infantil. O conto e o seu valor educativo. Criterios para seleccionar, utilizar e narrar contos orais ou escritos. Actividades a partir do conto.

Tema 27.- A educación musical en educación infantil. Descubrimento do son e do silencio. Coñecemento das propiedades sonoras do corpo, dos obxectos e dalgúns instrumentos musicais. Características e criterios de selección das actividades musicais. A música como recurso didáctico.

Tema 28.- Evolución da expresión plástica nos nenos e nenas. Elementos básicos da linguaxe plástica. Obxectivos, contidos, materiais, actividades, estratexias metodolóxicas e de avaliación da expresión plástica. Modelos e estereotipos.

Tema 29.- A expresión corporal. Xesto e movemento. Descubrimento das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo. A expresión corporal como axuda na construción da identidade e autonomía persoal. Xogo simbólico e xogo dramático. Pautas de intervención educativa.

Tema 30.- A influencia da imaxe no neno/a. Lectura e interpretación de imaxes. Criterios de selección e utilización de materiais audiovisuais e das novas tecnoloxías da información e comunicación na Educación Infantil. A competencia dixital nas distintas áreas curriculares.

Tema 31.- Formación de capacidades relacionadas co desenvolvemento lóxico-matemático. A súa relación coa construción mental. A intervención sobre os obxectos, a relación causa- efecto. Principios de intervención educativa. Recursos didácticos e actividades adecuadas á etapa de educación infantil.

Tema 32.- Principais alteracións do comportamento infantil. Trastornos por déficit de atención. Trastornos disruptivos. Trastornos emocionais. Alteracións do desenvolvemento da expresión somática (sono, alimentación e control de esfínteres). Os trastornos do espectro autista. A intervención educativa.

Tema 33.- O xogo infantil como principio psicopedagóxico. Funcións do xogo. Clasificacións segundo distintos autores. Creación de ambientes lúdicos. O espazo exterior. Actividades ao aire libre. O xoguete. Tipos de xoguetes. O desenvolvemento da creatividade na Escola Infantil. A expresión artística: técnicas e recursos.

Tema 34.- A Proposta Pedagóxica. Marco lexislativo. Documentos básicos de planificación da actividade educativa nunha Escola Infantil. O Proxecto Educativo. A Programación Xeral Anual. A Memoria Anual.

Tema 35.- A programación educativa no primeiro ciclo da educación infantil. Obxectivos, contidos e metodoloxía adecuada para os nenos e nenas de 0 a 3 anos. Principios psicopedagóxicos e didácticos. Orientacións para o desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe. A coordinación co segundo ciclo de educación infantil.

Tema 36.- Relacións da Escola Infantil coa súa contorna. A análise do contexto para optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe. Adaptación da proposta pedagóxica á contorna. Relacións interinstitucionais con servizos de saúde, con servizos sociais e atención temperá. As comunidades de aprendizaxe.

Tema 37.- Principios de intervención educativa en educación infantil. O enfoque globalizador. Sentido e significatividade da aprendizaxe. A metodoloxía baseada na observación e na experimentación. A súa concreción no marco do proxecto curricular.

Tema 38.- Currículo do Primeiro Ciclo da Educación Infantil en Galicia: competencias básicas, áreas, obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación. As adaptacións curriculares.

Tema 39.- A organización dos espazos e do tempo. Criterios para unha adecuada distribución e organización especial e temporal. Ritmos e rutinas cotiás. A avaliación dos espazos e do tempo.

Tema 40.- Equipamento, recursos didácticos e materiais curriculares en educación infantil. Selección, utilización e avaliación dos recursos materiais.

Tema 41.- A avaliación en Educación Infantil. A avaliación no proceso de ensino e aprendizaxe. Función, características e fases da avaliación. Estratexias, instrumentos e técnicas de avaliación. A observación como técnica de avaliación.

Tema 42.- A Dirección dunha Escola Infantil. Funcións e responsabilidade do Director. Xestión económica. Coordinación. Dinamización. Xestión do Equipo humano. Estilos de dirección.

Tema 43.- O traballo en equipo nunha Escola Infantil. A coordinación e comunicación. Toma de decisións e consenso. Estratexias. Xestión de conflitos. A Autoavaliación. Relacións interpersoais e traballo en equipo. A participación no equipo desde o rol directivo. Motivación do persoal.

Tema 44.- Resolución de conflitos. Negociación e mediación. Acordos eficaces. Xestión da tensión. Análise de problemas e toma de decisións. Técnicas da construción de solucións. Decisións efectivas.

Tema 45.- A intelixencia emocional aplicada á dirección. O factor humano como elemento cruce no traballo e a organización. As emocións. A eficacia comunicativa. Información e comunicación. Técnicas para mellorar a comunicación. O ambiente de traballo.

Tema 46.- Habilidades directivas. A dirección. Intelixencia emocional. Liderazgo. Estilos de liderado. Técnicas de negociación. Dirección eficaz de reunións. Comunicación. Xestión do tempo. Tarefas urxentes e tarefas prioritarias.

Tema 47.- A prevención de riscos laborais no ámbito da educación. Tipos de riscos específicos e medidas preventivas dos profesionais da educación infantil. Enfermidades profesionais relacionadas. O plan de emerxencias.

Tema 48.- Calidade e innovación. Sistemas de calidade. Factores de calidade nunha Escola Infantil. As cartas de servizos: concepto, estrutura e obxectivos.

9º. RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 28 de marzo de 2022.

R. 0807

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 1/2022- expediente de crédito extraordinario-dentro do vixente Orzamento por importe de 97.118,56 € (Noventa e sete mil cento dezaosito euros con cincuenta e seis céntimos), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 055, de data 09/03/2022), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS			ORZAMENTO DE INGRESOS	
Aplicación Orzamentaria		AUMENTO (EN EUROS)	aplicación orzamentaria	AUMENTO (EN EUROS)
Por progr.	Económica		Económica	
151	621	39.636,26		
172	619	3.469,21		
172	624	6.970,40		
172	632	14.720,38		
337	625	7.835,74		
453	619	15.694,65		
454	619	8.791,92		
Total.....		97.118,56	870.00	97.118,56
Total.....		97.118,56	Total.....	97.118,56

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de créditos 1/2022 no orzamento para o ano 2022, os interesados/as debidamente lexitimados poderan interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Ribeira de Piquín, 4 de abril de 2022.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0808

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de crédito 2/2022- expediente de suplemento de crédito-dentro do vixente Orzamento por importe de 120.000,00 € (Cento vinte mil euros), ao non presentarse ningunha

reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 055, de data 09/03/2022), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS			ORZAMENTO DE INGRESOS	
Aplicación Orzamentaria		AUMENTO (EN EUROS)	aplicación orzamentaria	AUMENTO (EN EUROS)
Por progr.	Económica		Económica	
163	221	20.000,00	870.00	120.000,00
165	221	30.000,00		
172	221	70.000,00		
Total.....		120.000,00	Total.....	120.000,00

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito 2/2022 no orzamento para o ano 2022, os interesados/as debidamente lexitimados poderan interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Ribeira de Piquín, 4 de abril de 2022.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0809

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/23412

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: M^a Luisa Prados Vega

Nombre del río o corriente: Manantiales “Fuente del pozo grande” y “Fuente del pozo pequeño”

Caudal solicitado: 0,04 l/seg.

Punto de emplazamiento: Coto

Término Municipal y Provincia: Becerreá (Lugo)

Destino: Uso ganadero

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Arquetas de captación y conducciones por tuberías a abrevaderos.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Becerreá, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

O viedo, 23 de marzo de 2022.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 0663

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS*Anuncio***EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.****EXPEDIENTE: V/27/01439**

PETICIONARIO: Carmen Grande Ceide

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en O Vento

LOCALIDAD: O Vento Vilalvite (San Pedro)

TÉR.M. MUNICIPAL: Friol

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Innominado/Portasueiro

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en O Vento" - "Carmen Grande Ceide", con un volumen máximo anual de 310,000 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 5 de abril de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0810